



A Conselleira de Medio Ambiente abandona precipitadamente a xuntanza do COGAMADS bloqueando a votación da moratoria eólica

SLG-CCL, ADEGA, FEG e SGHN censuraron o comportamento da Conselleira e solicitaron a convocatoria urxente dun pleno extraordinario do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel

Compostela, 27 de Xaneiro 2022. Ao longo da tarde de onte tivo lugar unha sesión do Consello Galego de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel (COGAMADS) que, canto menos, evidenciou certo **nerviosismo na Consellería de Medio Ambiente no tocante á oposición social e condenas xudiciais que están poñendo en evidencia os abusos que hai detrás da invasión eólica do noso territorio.**

A petición de distintas entidades sociais, entre as que figuran o **Sindicato Labrego Galego-Comisións Labregas (SLG-CCLL)**, **Asociación para a Defensa Ecolóxica de Galiza (ADEGA)**, a **Federación Ecoloxista Galega (FEG)** e a **Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN)**, na orde do día foi incluído o tratamento dun punto sobre eólicos.

Logo de realizar a súa intervención, o vogal do SLG-CCLL no COGAMADS, **Diego Sánchez Agra**, solicitou, co apoio de ADEGA, FEG e SGHN, a **votación do Consello para emitir un “Acordo”** sobre a necesidade de **paralización dos informes e concesións de parques eólicos até que o Plan Sectorial Eólico de Galicia** -que data do ano 1997 e non foi sometido á avaliación ambiental estratéxica que obriga a Lei- **sexa revisado e sometido a avaliación.** Esta posición instaría tamén ao establecemento de **criterios de avaliación que eviten o fraccionamento dos proxectos** -e, por tanto, a emisión de informes parciais sobre os seus impactos-, así como a **promover un cambio na lexislación para a mellor protección da cidadanía, o medio ambiente e o patrimonio.** Polo que afecta á protección do territorio e ós valores medioambientais, subliñamos que este acordo debería facer mención explícita á necesidade de **derogar as Leis de Depredación (5/2017 e 9/2021).**

En segundo termo, e tendo en conta que entre as funcións do Consello está informar e elaborar propostas sobre cuestións de sustentabilidade a iniciativa propia dos seus membros, solicitamos levar tamén a votación a elaboración por parte do COGAMADS dun **informe sobre o encaixe do actual modelo enerxético na sustentabilidade e resiliencia do territorio galego.**

Sen embargo, a **Conselleira de Medio Ambiente, presidenta do COGAMADS**, eludiu tramitar a **solicitude abandonando precipitadamente a xuntanza ante a sorpresa e indignación das asistentes, quedando mesmo sen tratar o último punto da orde do día da reunión.**

Ao tempo que expresamos o **malestar do SLG-CCLL, ADEGA, FEG e SGHN diante deste comportamento por parte da Conselleira**, pedimos a constancia en acta das dúas solicitudes de votación realizadas, as irregularidades no peche abrupto da sesión, e a **convocatoria á maior brevidade posíbel dun pleno extraordinario do COGAMADS para tratar as propostas bloqueadas pola conselleira Ángeles Vázquez**. Habida conta que a anterior conselleira de medio ambiente, Beatriz Mato, pasou directamente do seu cargo como responsable medioambiental a traballar en Greenalia, unha das empresas eólicas que máis presión está a exercer sobre o noso territorio, **dende o SLG, ADEGA, FEG e SGHN advertimos que imos estar moi atentas á tramitación das solicitudes de votación bloqueadas no día de onte pola actual conselleira da área**.

Cal é o papel da Consellería fronte ás irregularidades no sector eólico?

Os representantes do SLG-CCLL, ADEGA, FEG e SGHN no COGAMADS, instaran xa nas súas intervencións previas á Consellaría de Medio Ambiente a **actuar fronte ás ilegalidades cometidas polas empresas enerxéticas e postas de manifesto nos últimos días por parte dos tribunais de xustiza**. O [incumprimento da normativa medioambiental comunitaria](#) reducindo de 30 a 15 días de exposición pública os proxectos con impacto directo na poboación, e a [externalización de servizos de avaliación de impacto patrimonial](#) que deberían ser realizados pola Administración pública, son dúas das sentenzas xudiciais máis recentes.

Canda estas praxes ilegais, os vogais chamaron a atención tamén sobre a recorrente táctica de fraccionar en varios proxectos os parques eólicos que comparten subestacións ou liñas de evacuación, sendo na práctica un macroparque eólico. **“Fíxose algún informe desfavorable por fraccionamento? A nós non nos consta, e existen pronunciamentos xudiciais de ilegalidade deste tipo de prácticas. Non recoller estas casuísticas nos informes sectoriais desta Consellería pode ser tildado mesmo de prevaricación”**, salientaron.

A Lei 5/2017, do 19 de outubro, de Fomento da Implantación de Iniciativas Empresariais en Galicia e a Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de Simplificación Administrativa e de Apoio á Reactivación Económica de Galicia, renomeadas pola cidadanía como **“as leis de depredación”**, e fortemente contestadas dende os ámbitos sociais por restrinxir os dereitos da poboación afectada por proxectos industriais, son responsábeis de ter alentado os abusos condenados agora polos tribunais. **“Como se está a tratar este aspecto dende a Consellería? Hai sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza conforme os prazos de exposición non poden ser reducidos”**, inquerimos dende as organizacións sociais. Interpelando directamente á Conselleira Ángeles Vázquez, cuestionamos **o papel de “mera espectadora” da Consellería, fronte a unha accionar por parte da área de Industria que entra en obvia colisión cos ámbitos de protección medioambiental**.

Abondando nesta situación, as organizacións sociais chamamos a atención sobre o [preocupante informe](#) da Comisión Técnica Temporal sobre Enerxía Eólica e Paisaxes Culturais do Consello da Cultura Galega (CGG) emitido o pasado decembro, no que urxía a realizar unha **revisión inmediata do Plan Sectorial Eólico**, e de xeito específico en todo o relativo ás avaliacións ambientais estratéxicas, Directrices de Ordenación do Territorio, Directrices da Paisaxe, novos espazos da Rede Natura, recursos hidrolóxicos -neste momento apenas se están tendo en conta-, o patrimonio cultural e a conectividade entre o espazo social e medioambiental. Ademais, destacamos a necesidade de contar con **datos de seguimento de impacto dos parques xa en funcionamento**,

como por exemplo a nivel de mortandade de aves e outros animais ou afectación a augas subterráneas e superficiais.

A invasión eólica dos nosos montes está a impactar tamén directamente na **destrución de terras agrícolas, masas forestais e pasteiros**. Ademais de **limitar a súa función principal -a produción de alimentos e materias primas-**, a **instalación masiva de plantas enerxéticas** está a rachar coa **función de conservación das montañas e masas forestais, eliminando sumidoiros de carbono**.

Ante a situación de desprotección do noso medio rural, e o rol absolutamente feble da Consellería de Medio Ambiente fronte ás estratexias de Industria -cando non directamente facendo deixación das súas obriga, como no caso da negativa a tramitar as voltacións solicitadas onte-, o SLG-CCLL, ADEGA, FEG e SGHN cuestionamos á conselleira como consideraba que ía ser posible **integrar este plan sectorial depredador dentro de liñas de traballo da súa Consellería, tales como a tan publicitada Estratexia de Infraestrutura Verde de Galicia**.

Moitas grazas pola vosa atención

Máis información:

Diego Sánchez Agra, vogal do SLG-CCLL no COGAMADS (Tlf: 608 175 565)

Fins Eirexas, vogal de ADEGA no COGAMADS (Tlf: 661 993 406)

Serafín González, vogal da SGHN no COGAMADS (Tlf: 626 595 593)